



PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 04/04/2017



PARLAMENTO
DE GALICIA

3. Mocións.....	3
3.1 10/MOC-000023 (0007053).....	3
(0007053) Entrada da iniciativa.....	4
(0007500) Emendas dos grupos parlamentarios	6
3.3 10/MOC-000025 (0007065).....	10
(0007065) Entrada da iniciativa.....	11
(0007515) Emendas dos grupos parlamentarios	16
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	22
4.1 10/PNP-000360 (0004369).....	22
(0004369) Entrada da iniciativa.....	23
(0007505) Emendas dos Grupos Parlamentarios	25
4.3 10/PNP-000439 (0005234).....	27
(0005234) Entrada da iniciativa.....	28
(0007494) Emendas dos Grupos Parlamentarios	31
(0007514) Emendas dos Grupos Parlamentarios	33
4.4 10/PNP-000449 (0005350).....	35
(0005350) Entrada da iniciativa.....	36
(0007504) Emendas dos Grupos Parlamentarios	41
4.5 10/PNP-000536 (0006206).....	43
(0006206) Entrada da iniciativa.....	44
(0007511) Emendas dos Grupos Parlamentarios	49
4.6 10/PNP-000554 (0006345).....	50
(0006345) Entrada da iniciativa.....	51
(0007496) Emendas dos Grupos Parlamentarios	53
(0007506) Emendas dos Grupos Parlamentarios	55
4.7 10/PNP-000572 (0006483).....	57
(0006483) Entrada da iniciativa.....	58
(0007502) Emendas dos Grupos Parlamentarios	63
4.8 10/PNP-000590 (0006702).....	66
(0006702) Entrada da iniciativa.....	67
(0007501) Emendas dos Grupos Parlamentarios	71
(0007512) Emendas dos Grupos Parlamentarios	72

3. MOCIÓN.

3.1 10/MOC-000023 (0007053)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 5106, publicada no BOPG nº 71, do 22.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)



(0007053) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **5106 (10/INT-0000192)** debatida na sesión plenaria do 22 de marzo de 2017, sobre a xestión da saúde mental.

MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

- 1.- Desenrolar o novo Plan de Saúde Mental con carácter urxente mediante unha Comisión Técnica que estableza un proceso realmente participativo no seu deseño coas e cos profesionais da saúde mental.
- 2.- Asignar ao novo Plan de Saúde Mental un compromiso orzamentario que permita levalo a cabo.
- 3.- Desenrolar un novo Plan de Atención e Prevención do Suicidio nos mesmos termos.
- 4.- Avaliar con carácter inmediato a situación das persoas que foron trasladadas dende os antigos manicomios para poder ubicalas en servizos públicos que contén coa atención especializada en saúde mental que estas persoas precisan.
- 5.- Reforzar a Unidade de hospitalización infanto xuvenil do CHUS dotándoa das e dos profesionais e recursos previstos antes da súa apertura.



6.- Levar a cabo neste ano o deseño coas e cos profesionais da nova Unidade de hospitalización infanto-xuvenil da zona sur de Galicia.

7.- Levar a cabo no marco do novo Plan de Saúde Mental unha planificación para o incremento de profesionais na saúde mental, poñendo especial énfase nas unidades de saúde mental e nos hospitais de día e dotando a estas de persoal da psicoloxía clínica.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 24/03/2017 13:54:01

Luis Villares Naveira na data 24/03/2017 13:54:12

(0007500) Emendas dos grupos parlamentarios



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á **Moción** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental (10/MOC-000023, doc.núm. 7053)

Emenda de modificación

Débase modificar no punto 4 da parte resolutiva da moción o seguinte contido:

Onde di: "...manicomios..." debe dicir: "...hospitais psiquiátricos..."

Emenda de modificación

Débase modificar o punto 7 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:

"7.- Levar a cabo no marco do novo plan de saúde mental un incremento progresivo e planificado do número de profesionais na saúde mental, poñendo especial énfase nas unidades de saúde mental e nos hospitais de día. Este incremento terá como obxectivo que se alcance, como mínimo, a media das ratios das outras comunidades autónomas en profesionais da psiquiatría, psicoloxía clínica e enfermería."

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

"7 bis.- Iniciar o deseño dos futuros hospitais de día infante-xuvenís."



Grupo Parlamentario

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

“7 ter.- Establecer, de acordo coas e cos profesionais implicados, unha reorganización dos servizos de saúde mental para a área sanitaria de A Coruña, que integre e reubique os servizos agora dispersos, coa finalidade de ser máis eficaces e mellorar a calidade asistencial.”

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/04/2017 16:54:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2017 16:54:11



PARLAMENTO
DE GALICIA





3.3 10/MOC-000025 (0007065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade, e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 1215, publicada no BOPG nº 18, do 23.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)

(0007065) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 21 de marzo de 2017, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica e social da mocidade (10/INT-000040, doc. núm. 1215)

Moción

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear un observatorio que permita coñecer o alcance, cuantitativo e cualitativo, da becarización do mercado laboral en Galicia.

1.1 Dito observatorio terá representación entre outros, das universidades galegas, dos sindicatos e asociacións empresariais máis representativas, así como de representantes das asociacións xuvenís con máis representación na nosa Comunidade Autónoma.

1.2 O obxectivo do mesmo serán a análise do datos oficiais sobre diferentes aspectos (número de bolseiros/as, situación administrativa, condicións económicas, calidade formativa, porcentaxes do persoal nas diferentes empresas.), así como as posibles medidas a implementar para corrixir as deficiencias detectadas no acceso ao mercado de traballo da mocidade.

1.3 Dito observatorio emitirá un informe anual sobre a empregabilidade e calidade do emprego da mocidade.

2. Elaborar e poñer en marcha un plan de emprego xuvenil.

2.1. Dito plan será consensado coas organizacións sindicais, empresariais, e xuvenís máis representativas de Galicia, así como coas universidades galegas.

2.2 O devandito plan terá como colectivo prioritarios:

a) As persoas novas paradas de longa e moi longa duración, con especial atención ás que sofren exclusión social ou risco

de padecelo, así como aquelas que esgotaron as súas prestacións por desemprego.

b) Mulleres novas, debido a que presentan peores condicións laborais, ocupando en maior medida empregos a tempo parcial e de carácter temporal, así como os coidados ás persoas dependentes e maior dificultade para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

c) As persoas novas que abandonaron prematuramente os estudos.

d) Aos mozos e mozas con diversidade funcional, para as que se poñerán en marcha actuacións concretas para mellorar a súa empregabilidade.

e) Ás persoas novas emprendedoras con especial consideración á potencialidade da economía social como modelo de emprendemento.

f) Aos mozos e mozas traballadoras en especiais situacións de dificultade, procedentes de sectores estratéxicos ou áreas moi vinculadas a sectores específicos.

g) Aos galegos e galegas que residan no exterior.

h) Aos e ás residentes en territorios e zonas xeográficas onde se detecten unha alta porcentaxe de persoas novas nas situacións antes citadas.

2.3 O punto de partida fundamentarase na elaboración dunha diagnose previa da situación laboral da mocidade en Galicia, tendo en conta parámetros de afiliación; de paro rexistrado; de calidade no emprego; retribucións; ocupacións; siniestralidade laboral, e valor do traballo no fogar.

2.4 No documento describiranse os obxectivos a alcanzar, o prazo dos mesmos, as ferramentas para conseguilo, e a dotación orzamentaria do mesmo.

2.5 O plan será presentado durante o ano 2017 no Parlamento de Galicia.

3. Poñer en marcha de maneira urxente medidas para mellorar a aplicación do plan de garantía xuvenil entre as que se incluírán:

3.1 Realizar un estudo da poboación diana do programa, facendo especial fincapé naqueles mozos e mozas que non estudan nin traballan, para así poder dirixirse a eles con campañas máis

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

efectivas, e poder facer un traballo máis adaptado ás súas necesidades e perfís. É dicir, incorporar ao enfoque actual moi centrado na oferta (empresas), a demanda (desempregado mozo).

3.2 Fixar uns obxectivos cuantitativos nas accións formativas, educativas e de emprego a realizar polo programa, que deberá levar a cabo unha vez se obteña un estudo máis pormenorizado da poboación diana á que se dirixe o programa.

3.3 Conformar mesas de diálogo cos principais actores implicados e representantes da mocidade, para realizar un correcto seguimento do plan e incluír posibles melloras.

3.4 Establecer criterios de calidade para os empregos ofertados no plan, así como formalizar a intención de ofrecer postos de calidade, incluíndoas nas normas vixentes relacionadas coa garantía xuvenil. Os devanditos criterios de calidade terán que ser acordados cos actores implicados no programa.

3.5 Acordar un cronograma no que se detalle cando se van a realizar as accións descritas anteriormente e comprometerse a cumprilo.

4. Fomentar a formación profesional, a través de plan dirixidos ás persoas desempregadas e con contratos a tempo parcial, co obxectivo de incrementar as competencias necesarias para o mellor desenvolvemento do tecido produtivo galego.

5. Vincular calquera incentivo económico ás empresas en relación ao mantemento do emprego, á transformación de contratación temporal en indefinida, e a transformación de contratos a tempo parcial en contratos a xornada completa.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Adoptar de maneira inmediata as medidas necesarias para derrogar o Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e abrir un proceso de diálogo social que dende o acordo culmine coa aprobación dun novo Estatuto dos Traballadores que recupere a súa natureza orixinaria de carta de garantía dos dereitos laborais.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Incrementar os recursos para políticas activas de emprego transferidos a Comunidade Autónoma galega ao longo da lexislatura ata alcanzar os que se recibiron no ano 2011.

3. No marco do Dialogo Social, analizar os distintos aspectos do contrato para a formación que levaron á precarización do mesmo, como son, os requisitos persoais do traballador contratado para a formación; o contido da prestación de servizos: a formación teórica e práctica do traballador ligada á obtención dun título e o traballo realizado na empresa; a relación tempo de traballo e formación e o seu control; os dereitos básicos máis relevantes: certificados de formación adquirida, salario e protección social; os estímulo económicos á contratación; así como as consecuencias xurídicas que deberían derivarse dos seus incumprimentos, aspectos todos eles a analizar para acometer as reformas normativas que permitisen o cumprimento da finalidade para a que foi creado e evitar o seu uso fraudulento.

4. Intensificar as campañas de Inspección de Traballo para a vixilancia dos contratos para a formación e a aprendizaxe, en relación ao cumprimento dos requisitos esenciais desta modalidade contractual, relativos á formación, distribución do tempo de traballo e formación e cumprimento da xornada, iniciando os procedementos sancionadores e liquidatarios oportunos.

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 24/03/2017 18:14:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 7065
Data envío: 24/03/2017 18:14:57.438



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/03/2017 18:14:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia



(0007515) Emendas dos grupos parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Vero** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas á Moción do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade, e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral, **doc. núm. 7065 (10/MOC 000025)**.

Emenda de substitución Apartado A.1.

Débase substituír o texto do apartado A.1. polo seguinte:

“A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. 1 Crear un Observatorio de Emprego Xuvenil que permita coñecer a situación real do emprego xuvenil e o alcance, cuantitativo e cualitativo, da becarización do mercado laboral en Galicia.

1.2 O obxectivo do mesmo serán a análise do datos oficiais sobre diferentes aspectos (número de bolseiros/as, situación administrativa, condicións económicas, calidade formativa, porcentaxes do persoal nas diferentes empresas, adecuación das prácticas á formación..), así como as posibles medidas a impulsar para corrixir as deficiencias detectadas no acceso ao mercado de traballo da mocidade.



1.3. Dito observatorio emitirá un informe anual sobre a empregabilidade atendendo ao xénero e formación e á calidade do emprego da mocidade, incidindo nas condicións que lle están a ser máis discriminatorias como son a xornada, o salario, relación entre as funcións a realizar e a formación requirida.”

Emenda de substitución Apartado A.2

Débase substituír o texto do apartado A.2. polo seguinte:

“2. Elaborar e poñer en marcha un plan de emprego xuvenil en consonancia cos sectores produtivos estratéxicos galegos e novas iniciativas empresariais innovadoras que favorezan a re-industrialización de Galiza e xeren emprego de calidade coa finalidade de mellorar a estabilidade e de reducir a parcialidade nos contratos realizados a persoas mozas.

O Plan de emprego xuvenil contará cun Programa de Formación Profesional para a mocidade desempregada con escasa formación co obxectivo de incrementar as competencias – clave necesarias e que estará vinculado ás políticas de re-industrialización e novas tecnoloxías para o mellor desenvolvemento do tecido produtivo galego.

O punto de partida fundamentarase na elaboración dunha diagnose previa da situación laboral da mocidade en Galicia, tendo en conta parámetros de afiliación; de paro rexistrado; de calidade no emprego; retribucións; ocupacións; sinistralidade laboral, conciliación laboral, persoal e familiar, protección da maternidade e valor do traballo no fogar.”



Emenda de substitución no Apartado A.3

Débese substituír o texto do punto 3.2. polo seguinte:

“3.2 Fixar uns obxectivos cuantitativos e cualitativos nas accións formativas, educativas e de emprego a realizar polo programa, que deberá levar a cabo unha vez se obteña un estudo máis pormenorizado da poboación diana á que se dirixe o programa.”

Emenda de substitución no Apartado A.3

Débese substituír o texto do punto 3.3. polo seguinte:

“3.3 O Observatorio de Emprego Xuvenil realizará un correcto seguimento do plan coa finalidade de incluír posibles melloras.”

Emenda de substitución no Apartado A.3

Débese substituír o texto do punto 3.4. polo seguinte:

“3.4 Establecer criterios de calidade para os empregos ofertados no plan, así como formalizar a intención de ofrecer postos de calidade, incluíndoas nas normas vixentes relacionadas coa garantía xuvenil. Os devanditos criterios de calidade terán que ser acordados no seo do Observatorio de Emprego Xuvenil.”



Emenda de substitución Apartado A.4.

Débase substituír o texto do apartado A.4. polo seguinte:

“4. Fomentar a formación profesional ampliando tanto a oferta formativa como os horarios, a través de plan dirixidos ás persoas desempregadas e con contratos a tempo parcial, desenvolvendo as súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional co obxectivo de incrementar as competencias necesarias para o mellor desenvolvemento do tecido produtivo galego.”

Emenda de substitución Apartado A.5.

Débase substituír o texto do apartado A.5. polo seguinte:

“5. Limitar calquera incentivo económico ás empresas en relación ao mantemento do emprego, á transformación de contratación temporal en indefinida, e a transformación de contratos a tempo parcial en contratos a xornada completa e a situacións de EREs.”

Emenda de Adición ao apartado A.

Débase engadir no apartado A tres aliñas, **6, 7 e 8, co seguinte texto:**

“6. Prestar apoio técnico para a implantación de plans de igualdade e á contratación de persoas con discapacidade.



7. Diseñar políticas activas de emprego dirixidas ás persoas mozas do medio rural e do sector marítimo-pesqueiro, implantando programas e medidas destinadas á súa efectiva inserción laboral no seu entorno.

8. Presentar ante a Cámara un Plan Industrial de Galiza, baseado no aproveitamento dos sectores produtivos tradicionais, a I+D+i e a cohesión territorial.”

Emenda de Substitución Apartado B.3

Débase substituír o texto da aliña 3. polo seguinte:

“3. Eliminar os modelos de contratos discriminatorios para a mocidade que supoñan unha inxustificada discriminación e afonden na precarización da mocidade traballadora.”

Emenda de Substitución Apartado B.4

Débase substituír o texto da aliña 4. polo seguinte:

“4. Intensificar as campañas de Inspección de Traballo para a vixilancia da adecuación da causalidade á modalidade contractual, do cumprimento da xornada, da protección da maternidade, das medidas para favorecer a conciliación laboral, persoal e familiar e da discriminación salarial por razón de xénero ou idade.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.



Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 03/04/2017 18:19:24

Luis Villares Naveira na data 03/04/2017 18:19:32



4. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 10/PNP-000360 (0004369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para consensuar coas forzas políticas a posición que vai defender Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado en relación co Pacto de Estado social e político pola educación

(0004369) Entrada da iniciativa



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 1 de decembro de 2016 foi aprobada, na Comisión de Educación e Deporte do Congreso dos Deputados, a creación dunha subcomisión para a elaboración dun gran pacto de Estado social e político pola educación a petición dos grupos parlamentarios Socialista, Popular e Cidadáns.

Esta subcomisión elaborará un informe sobre o estado e a situación do sistema educativo español que conteña un diagnóstico cunhas propostas e unhas conclusións pola Educación, para acadar os obxectivos educativos europeos recollidos na Estratexia Educación e Formación 2020 da Unión Europea.

O devandito pacto servirá de base para que o Goberno elabore un proxecto de lei básica de Educación, que substitúa á lexislación vixente, e que naza con vocación de estabilidade a partir dun amplo acordo parlamentario e social.

Ademais, na proposta de creación da subcomisión establécese que deberá realizar e presentar o informe nun prazo máximo de seis meses desde a súa constitución.

Por outro lado, na Conferencia de Presidentes celebrada en Madrid o día 17 de xaneiro de 2017, acordouse, entre outros asuntos, encomendar ao Goberno de España a solicitude da convocatoria da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado para celebrar un debate monográfico sobre educación que incorpore o diagnóstico e as achegas aos traballos do Pacto de Estado Social e Político pola Educación, e buscar a máxima coordinación entre ambos os traballos co fin de incorporar a visión das administracións autonómicas e as comunidades educativas.



 Grupo Parlamentario

Como o propio acordo explícita, nese pacto son pezas crave as administracións autonómicas que contan con importantes competencias para a implantación dunha futura lei educativa.

 Partido dos Socialistas de Galicia

Resulta da máxima relevancia que a visión que se traslade dende a Comunidade Autónoma de Galicia conte cun amplo consenso político e social, que é a base sobre a que ese pacto de Estado pode ser viable, polo que se fai necesario e urxente coñecer de forma explícita o procedemento que se seguirá para acadar ese consenso.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que, con carácter urxente, poña en marcha os mecanismos necesarios para acadar unha posición de consenso das forzas políticas da comunidade autónoma cara á postura que defenderá na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado con relación ao Pacto de Estado Social e Político pola Educación.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/02/2017 13:49:49

María de la Concepción Burgo López na data 01/02/2017 13:50:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 13:50:17



(0007505) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei (doc. núm. 4369), do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para consensuar coas forzas políticas a posición que vai defender Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado en relación co Pacto de Estado social e político pola educación (10/PNP-000360)

Emenda nº 1 de Modificación

Débase substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

O Parlamento insta ao Goberno galego a:

1. Con carácter urxente, establecer unha mesa de diálogo entre os Grupos Parlamentarios e representantes da Comunidade Educativa, véxase ANPAS, alumnado, plataformas de profesorado e sindicatos, para acadar unha posición consensuada que defenderá na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado con relación ao Pacto de Estado Social e Político pola Educación que nos permita avanzar no marco dunha nova Lei Educativa que garanta unha educación pública, laica, inclusiva, integral, que promova a equidade e a coeducación, democrática, de recoñecemento da realidade plurinacional do Estado e blindada orzamentariamente.



Emenda nº 2 de Adición

Débense engadir un novo punto ao final da parte resolutiva:

2. Aproveitar a mesa de diálogo para consensuar as modificacións legais precisas para derrogar inmediatamente a LOMCE, sen ocasionar ningún prexuízo ao alumnado, garantindo a seguridade xurídica do sistema.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 03/04/2017 17:27:09

Luis Villares Naveira na data 03/04/2017 17:27:48



4.3 10/PNP-000439 (0005234)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia



(0005234) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5234
Data envío: 16/02/2017 11:34:17.873

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, María Julia Rodríguez Barreira e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate Pleno.

Exposición de motivos:

A Constitución española garante no seu artigo 16 a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades, ao tempo que establece a aconfesionalidade do Estado español.

A afluencia de inmigrantes que sen ten producido nas últimas décadas, unida ao retorno ao noso país de galegos procedentes de distintas xeografías, contribuiu de xeito moi significativo a enriquecer a pluralidade relixiosa en Galicia. O transcurso do tempo fixo que estas comunidades relixiosas arraigasen no noso país, de tal xeito que cada día é maior o número de galegos nativos que profesan credos distintos do católico, maioritario no conxunto do Estado.

Algunhas destas relixións precisan de certas especificidades para realizar enterramentos conforme ao seu credo. A ausencia de cemiterios que cumpran os requisitos propios de cada unha destas confesións, supón que moitas familias deban optar por dar sepultura aos seus seres queridos fóra da súa Comunidade Autónoma, ou incluso, alén das fronteiras do Estado. Este feito supón, que á dor propia da perda, se engadan unha serie de dificultades de carácter económico e administrativo que redundan nun maior padecemento destas familias.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5234
Data envío: 16/02/2017 11:34:17.873

A pesares de que o 6% dos habitantes de Galicia profesen relixións minoritarias, na práctica totalidade dos concellos do país non existe masa crítica que xustifique que as administracións municipais, que ostentan a competencia de cemiterios, podan abordar ailladamente a construción das infraestruturas funerarias necesarias para acoller a estes cidadáns tralo seu pasamento.

Nembargantes, a colaboración entre distintas administracións pode dar resposta a esta xusta demanda que xa teñen solicitado de maneira explícita comunidades como a musulmana ou a xudea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar, conxuntamente coa FEGAMP, a creación de cemiterios de carácter supramunicipal que podan atender a demanda de enterramentos conforme aos requisitos das confesións minoritarias con maior arraigo en Galicia”.

Santiago de Compostela 15 febreiro 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/02/2017 11:02:56

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2017 11:03:19

Paula Prado Del Río na data 16/02/2017 11:03:37

Maria Antón Vilasánchez na data 16/02/2017 11:04:00

César Manuel Fernández Gil na data 16/02/2017 11:04:18

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/02/2017 11:04:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 11:34
Nº Rexistro: 5234
Data envío: 16/02/2017 11:34:17.873

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/02/2017 11:04:41

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/02/2017 11:05:15



(0007494) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **5234, [10/PNP-000439]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa FEGAMP, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 4 de abril de 2017.

Emenda de modificación:

Proponse a modificación da parte resolutiva que quedaría do seguinte xeito:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a estudar, conxuntamente coa FEGAMP, a creación de cemiterios que poidan atender a demanda de enterramentos conforme aos criterios das confesións relixiosas con maior arraigamento en Galicia, no marco da normativa xeral e sectorial.”

Emenda de adición:

Proponse engadir dous novos puntos co seguinte texto:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 17:02
Nº Rexistro: 7494
 Data envío: 03/04/2017 17:02:04.483



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

“-Promover o desenvolvemento da Lei de bases de réxime local, que establece que os concellos deben prestar o servizo público de cemiterios.

-Colaborar cos concellos para habilitar nos cemiterios espazos non confessionais para a celebración de cerimonia de despedida.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2017 16:38:20

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2017 16:38:26



(0007514) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que podan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia (doc. núm. 5234).

Emenda de modificación

O texto da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Conxuntamente coa Fegamp, elaboren un plan de desenvolvemento para a creación de cemiterios de carácter supramunicipal que podan atender a demanda de enterramentos conforme aos requisitos das confesións minoritarias con maior arraigo en Galicia, establecendo:

- Os municipios onde se crearán
- Un calendario de posta en funcionamento
- A dotación económica necesaria para o cumprimento do dito plan.

2º) Modifique a Lei 8/2008 de saúde de Galicia, e o Decreto 151/2014 do 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia, para aqueles enterramentos que teñan que ser feitos en contacto coa terra.

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/04/2017 18:10:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 18:11
Nº Rexistro: 7514
Data envío: 03/04/2017 18:11:49.100



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2017 18:10:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia



4.4 10/PNP-000449 (0005350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez


Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual sistema de concesión e a normativa reguladora de bolsas e axudas ao estudo



(0005350) Entrada da iniciativa


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 17/02/2017 13:47
Nº Rexistro: 5350
 Data envío: 17/02/2017 13:47:26.487



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Unha política educativa baseada na EQUIDADE é a única que nos fai a todos iguais, independentemente das nosas condicións socioeconómicas. Un dos instrumentos fundamentais para conseguilo é unha política de becas que chegue a toda aquela cidadanía con problemas económicos para poder estudar.

A combinación de recortes orzamentarios, reformas legais e decisións de xestión conduciron a un cambio de modelo que implica unha regresión importante nun dereito fundamental como é a educación, sacrificando a equidade que constituíra unha das nosas maiores fortalezas educativas e deixando un futuro de oportunidades educativas, accesible para uns poucos.

Un dos capítulos de maior regresión é o das axudas e becas ao estudo. Entre as primeiras medidas que tomou o Goberno do Partido Popular nestes “cinco anos negros” para a educación no noso país está a promulgación de dous Reais Decretos: O Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril, que regulamenta a modificación dos prezos públicos das taxas universitarias existentes ata ese momento, e o Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño, que modificou totalmente as condicións para poder ser beneficiario dunha bolsa de estudos. A partir do curso 2012/2013 prodúcese unha auténtica discriminación cara ao alumnado bolseiro, xa que agora esíxeselles, ademais de cumprir os topes de renda e patrimonio, unha nota media dun 5,5 puntos, para bacharelato, e 6,5 puntos, para unha beca universitaria, rompéndose a igualdade ata entón de que cun 5 podían estudar os que tiñan recursos económicos e os que non, mediante becas.



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pero a aplicación do novo sistema de concesión de bolsas, non só castiga aos que menos teñen, esixíndoselles máis notas que aos que non necesitan beca, senón que, ademais, rebáixaselles a contía da mesma. Crea ademais incerteza, xa que se divide a beca nunha cantidade fixa e outra variable, dependendo esta última da existencia de recursos económicos, polo que o alumnado non sabe ao comezar o curso a cantidade que van recibir.

Con este Real decreto rómpese coa consideración da beca como “dereito subxectivo” para todos os alumnos que aproben e que non dispoñan de recursos económicos, xa que agora vai depender da cantidade económica dispoñible nos orzamentos.


Neste cinco anos a contía media das becas baixou en máis dun quince por cento e, nas becas compensatorias dedicadas ao alumnado con menos recursos económicos e que necesitan residencia para estudar unha carreira universitaria, a baixada foi de máis dun corenta por cento.

Todo isto afecta claramente aos nosos estudantes. Dende a aplicación do decreto 1000/2012, miles de alumnos/as galegos/as perderon as súas becas ou non puideron acceder a elas, e outros miles verán reducidas drasticamente as cantidades percibidas.

Ademais, o novo sistema tivo enormes dificultades de aplicación pola falta de coherencia, previsión e incerteza. Entre as máis graves están o atraso no pago das becas, unha diminución xeneralizada na contía das mesmas, á que se engade a imposibilidade de coñecer con suficiente antelación a contía e, por tanto, a dificultade de reclamar en caso de recibir unha beca inferior.

Esta reforma foi tamén un exemplo da falta de diálogo e participación na toma de decisións das políticas en materia educativa. A reforma do sistema de becas implantada polo PP foi unha decisión unilateral que obviou, non só ás partes afectadas, sobre todo o alumnado, senón que, ademais, incumpriu a propia normativa que obriga a convocar o



 Grupo Parlamentario

Observatorio de Becas, foro pertinente para a toma de decisións nesta materia, creado a través do Real Decreto 1.220/2010, de 1 de outubro.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Todo isto afecta claramente aos nosos estudantes. Dende a aplicación do decreto 1000/2012, do 29 de xuño, miles de alumnos/as galegos/as perderon as súas becas ou non puideron acceder a elas, e outros miles verán reducidas drasticamente as cantidades percibidas provocando desigualdade e exclusión

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao goberno de España para requirirille o seguinte:

- 1.- Convocar con carácter de urxencia o Observatorio de Becas, creado a través do Real Decreto 1220/2010, do 1 de outubro. Este Observatorio emitirá un informe, preceptivo, antes das convocatorias anuais de Becas e axudas ao Estudo.
- 2.- Modificar a normativa reguladora das becas para recuperar o verdadeiro sentido das mesmas como dereito subxectivo, sen que ningún estudante que cumpra os requisitos quede sen beca por cuestións orzamentarias.
- 3.- Modificar os requisitos académicos actuais para a obtención dunha beca, restablecéndose os requisitos dispostos no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, de becas e axudas ao estudo personalizadas.
4. Establecer criterios claros, obxectivos e ponderables para a súa obtención, de tal maneira que o solicitante poida coñecer de antemán os criterios polos que se lle outorgan as becas e a contía que percibirá se lle é concedida, no caso de cumprilos.



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.- Facer a convocatoria anual de becas inmediatamente despois da publicación do Real decreto de becas, de forma que a resolución e o pago das mesmas se realicen antes do comezo do curso.

6.- Revisar os topes de Renda e Patrimonio para o dereito a unha beca, seguindo o recollido nos ditames á convocatoria de becas e axudas ao estudo aprobados e emitidos polo Consello Escolar do Estado, e adaptándoos ás circunstancias de cada momento, e non computar no límite patrimonial familiar, fixado en 1.700 €, as subvencións ou prestacións económicas concedidas polas Administracións Públicas que teñan por finalidade atender a situacións de necesidades sociais puntuais, urxentes e básicas de subsistencia.

7.- Crear unha Beca de “rescate” que permita que aqueles alumnos que tivesen que abandonar os estudos polos criterios académicos introducidos na reforma de 2012 se poidan incorporar ao Sistema Universitario.

8.- Recuperar as dotacións orzamentarias destinadas á convocatoria de Becas Séneca, de mobilidade nacional, que foron eliminadas no curso 2012-2013

9.- Promover, no marco da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Consello de Universidades, un novo marco estatal de prezos públicos de matrícula equitativo, que permita manter un marco coherente de prezos no conxunto do Estado, tanto para os graos de máxima como de mínima experimentación e os máster, asegurando así a igualdade de oportunidades e que implique unha redución do prezo dos mesmos.


Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
 Luis Álvarez Martínez
 Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
 Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 13:47
Nº Rexistro: 5350
Data envío: 17/02/2017 13:47:26.487



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María de la Concepción Burgo López na data 17/02/2017 13:44:03

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 17/02/2017 13:44:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/02/2017 13:44:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia



(0007504) Emendas dos Grupos Parlamentarios



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
 OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galicia
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **5350, [10/PNP-000449]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual sistema de concesión e a normativa reguladora de bolsas e axudas ao estudo, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 4 de abril de 2017.

Emenda de substitución:

Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar ante o Goberno do Estado as competencias referidas á xestión das bolsas e axudas escolares.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 17:25
Nº Rexistro: 7504
Data envío: 03/04/2017 17:25:38.705



GRUPO PARLAMENTARIO GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2017 17:25:05

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2017 17:25:12



4.5 10/PNP-000536 (0006206)

Grupo Parlamentario de En Marea - Francisco Casal Vidal
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para o desenvolvemento pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico, S. L. de novos procesos de venda de parcelas con prezos bonificados que fagan máis competitivo o polígono industrial de Vimianzo e de iniciativas para a súa promoción, así como o inicio dos trámites para acadar a transferencia a Xestur de todas as ofertas de solo industrial en Galicia



(0006206) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal, Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García e Luis Villares Naveira** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa ás **políticas de desenvolvemento e xestión de solo industrial público en Galicia e, en concreto, da situación e desvantaxe competitiva do Polígono Industrial de Vimianzo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión e desenvolvemento de solo industrial e de servizos en Galicia é asumido por dúas entidades públicas: Xestur Galicia (dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda) e a sociedade “Suelo Empresarial del Atlántico SL” (participada e xestionada polo Ministerio de Fomento a través de SEPES que ten o 87%, Consellería de Infraestruturas e Vivenda cun 12% e outros socios que ostentan o 1%).

A maioría dos polígonos son promovidos e xestionados por Xestur, pero hai 18 de iniciativa e xestión de “Suelo Empresarial del Atlántico”. Estase a evidenciar a descoordinación entre as dúas entidades e atopámonos con situacións de planificación e prezos que non teñen ningunha xustificación e que producen desvantaxes competitivas entre uns polígonos e outros próximos a eles en función de que entidade o promove.

É imprescindible o desenvolvemento dun Mapa de solo industrial de Galicia que axude a analizar e planificar políticas empresariais e implementar decisións



estratéxicas en materia de desenvolvemento de novos solos industriais, e coordinación dos existentes, ligados a un Plan industrial para Galicia. Todo elo no camiño de lograr unha única xestión do solo industrial a través de Xestur.

Ten que ser un instrumento que facilite o espallamento industrial por toda Galicia, primando as zonas con menor crecemento e con peores accesos as infraestruturas de comunicación.

Mais, como veremos no caso que describiremos a continuación, a situación é totalmente contraria con este obxectivos mencionados no paragrafo anterior.

Referímonos ao Polígono Industrial de Vimianzo, promovido pola sociedade “Suelo Empresarial del Atlántico” dependente do Ministerio de Fomento. Este polígono formou parte das compensacións á Costa da Morte polo desastre do Prestige. Quince anos despois o polígono non está a cumprir os seus obxectivos. Unha das causas e o incumprimento doutro compromiso dos gobernos do Estado e da Xunta despois do Prestige como é a autovía da Costa da Morte que non hai compromiso firme de cando chegará a Vimianzo como estaba prevista e dicir en formato de autovía, a pesar de que as expropiacións e o explanamento leva anos feito.

Outra, que tería unha posible solución inmediata, e é o obxectivo desta Proposición non de lei, é a discriminación de prezos con respecto a outros polígonos próximos como o de Carballo promovido por Xestur.

O prezo das parcelas para uso industrial no polígono de Carballo oscilan entre os 34,72 € e os 41,10 € por m² e no de Vimianzo oscilan entre os 48,75 € e os 67,50%. E dicir, as mellores parcelas chegan a ter en Vimianzo un sobrecusto do 94% con respecto ás de Carballo.

No caso das parcelas de uso mixto industrial-terciario, ou directamente terciario, os prezos en Carballo van desde os 31,74 € aos 40,23 € por m² e en Vimianzo oscilan entre os 67,50 € e os 82,50 € cun sobrecusto que pode chegar ao 159%.



Por outra banda os defectos de construción do polígono de Vimianzo soe implicar un extra custe por desmontes e muros de contención que pode chegar aos 40 €/m².

Esta situación, de diferenza de prezos, non ten ningunha xustificación de custos de promoción e mercado. O lóxico sería o contrario por ter o Polígono de Carballo cercanía a unha concentración urbana e comarcal moito máis poboada e acceso directo a unha infraestrutura como a autovía Coruña-Carballo. Polo tanto, a orixe desta desvantaxe competitiva é a diferente estratexia comercial de “Suelo Empresarial del Atlántico” con respecto a Xestur.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para conseguir que ao menos se equilibren os prezos por m² dos dous polígonos e que se evite a desvantaxe competitiva do de Vimianzo.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Facer as xestións necesarias ante o Ministerio de Fomento para que de instrucións a “Suelo Empresarial del Atlántico” para que desenvolva novos procesos de venda de parcelas no polígono de Vimianzo con prezos bonificados que o fagan competitivo e como mínimo similares aos do polígono de Carballo.
- 2.- Instar ao Ministerio de Fomento para que a través de “Suelo Empresarial del Atlántico” desenvolva iniciativas para promocionar o polígono de Vimianzo



realizando, entre outras cousas, estudos de posible especialización industrial e terciario do mesmo e favorecer a posibilidade de establecer iniciativas de economía colaborativa que o faga atractivo para as empresas da Comarca da Costa da Morte.

3.- Iniciar os trámites para acadar a transferencia de todas as ofertas de solo industrial en Galicia en Xestur evitando as disfuncións actuais entre as súas promocións e as emprendidas polo Ministerio de Fomento. Trámites que deberían ter como obxectivo final a transferencia de "Suelo Empresarial del Atlántico" a Xunta de Galicia e a súa absorción por Xestur.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

voceiro do G.P. de En Marea

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 18:06
Nº Rexistro: 6206
Data envío: 07/03/2017 18:06:57.950



Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/03/2017 18:02:04

Antón Sánchez García na data 07/03/2017 18:02:15

Marcos Cal Ogando na data 07/03/2017 18:02:21

Luis Villares Naveira na data 07/03/2017 18:02:30



(0007511) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/04/2017 17:59
Nº Rexistro: 7511
 Data envío: 03/04/2017 17:59:20.887

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Jaime Castiñeira Broz**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, 6206(10/PNP-000536), Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para o desenvolvemento pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico, S. L. de novos procesos de venda de parcelas con prezos bonificados que fagan máis competitivo o polígono industrial de Vimianzo e de iniciativas para a súa promoción, así como o inicio dos trámites para acadar a transferencia a Xestur de todas as ofertas de solo industrial en Galicia.

Emenda de Substitución.

Débese substituír da parte resolutiva o texto do punto número 3 polo que segue a continuación:

3.- *“Reiterar ante a dirección de Suelo Empresarial del Atlántico, S.L. e o Ministerio de Fomento a necesidade de que se establezan bonificacións no prezo de venda de solo empresarial similares ás que está a aplicar a Xunta nos parques da súa competencia”*

Santiago de Compostela, 03 de abril de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/04/2017 17:58:12

Jaime Castiñeira Broz na data 03/04/2017 17:58:34



4.6 10/PNP-000554 (0006345)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Gómez Salgado

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Enrique López Crespo

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de conmemoración do 30º aniversario da declaración pola Unión Europea do Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo no que se recollan actuacións de recoñecemento dos demais itinerarios europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia



(0006345) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:55
Nº Rexistro: 6345
Data envío: 08/03/2017 16:55:35.935

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo e Antonio Mouriño Villar**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O 27 de setembro de 1987 o Consello de Europa propuxo o Camiño de Santiago como Primeiro Itinerario Cultural Europeo, iniciando así un programa de itinerarios y rutas temáticas en torno a un patrimonio común, precisamente para salientar aquilo que a cultura é, e debe ser, un nexo de unión.

O patrimonio cultural común, enriquecido pola súa diversidade, recoñecese como unha oportunidade e un pilar da Europa do século XXI, algo que o Consello de Europa quixo ver no Camiño de Santiago, poñendo en valor, como exemplo demostración, da construción europea.

A historia da Ruta Xacobeá é a propia historia de Europa, unha historia globalizada e aberta ás diferentes culturas, relixións, pensamentos, filosofías. Unha ruta que conta con innumerables bens inmoebles e moebles pero que, sobre todo, conta cuns valores inmateriais intanxibles e tan necesarios hoxe en día: a espiritualidade, a ética, a intelectualidade, a solidariedade, a acollida e hospitalidade, o esforzo persoal, o compañeirismo....

Desde os albores do século IX, Europa foi tecendo unha rede de camiños que desembocan en Compostela, punto final de todas as rutas e sendas polas que percorreron esa vida en común dos diferentes pobos de Europa. Un entramado de eixos transeuropeos que serviron de canle difusor da nosa cultura común, levando e traendo as experiencias e vivencias dos peregrinos, mais tamén o coñecemento, a literatura, a pintura, arquitectura... en definitiva a cultura de cada época.

O vindeiro mes de outubro cumpriranse 30 anos desta declaración que, na nosa opinión, segue plenamente vixente, e o vemos cada día na capital de Galicia co número crecente de peregrinos que percorren o Camiño.

Temos así unha nova oportunidade de salientar a importancia do Camiño na

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:55
Nº Rexistro: 6345
Data envío: 08/03/2017 16:55:35.935

construción europea pero tamén unha ocasión de remarcar o papel que desempeña en todo o mundo como símbolo de concordia e paz.

O Goberno galego xa amosou a súa intención de conmemorar esta data, porén o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un programa de conmemoración do 30 aniversario da Declaración de Santiago de Compostela do Consello de Europa que reconece o Camiño de Santiago como 1º Itinerario Cultural Europeo ao tempo que recolla no mesmo accións de recoñecemento dos demais itinerarios culturais europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia".

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/03/2017 16:46:10

Maria Antón Vilasánchez na data 08/03/2017 16:46:21

César Manuel Fernández Gil na data 08/03/2017 16:46:28

Teresa Egerique Mosquera na data 08/03/2017 16:46:31

Moisés Rodríguez Pérez na data 08/03/2017 16:46:40

Carlos Gómez Salgado na data 08/03/2017 16:46:48

Carlos Enrique López Crespo na data 08/03/2017 16:46:58


Antonio Mouriño Villar na data 08/03/2017 16:47:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

(0007496) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 03/04/2017 17:06
Nº Rexistro: 7496
Data envío: 03/04/2017 17:06:22.393



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de conmemoración do 30º aniversario da declaración pola Unión europea do Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo no que se recollan actuacións de recoñecemento dos demais itinerarios europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia (**10/PNC-000554**) **doc. 6345**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Emenda de modificación

Onde di: “...programa de conmemoración...”, debe dicir: “... un programa, coa colaboración dos concellos e singularmente co Concello de Santiago de Compostela de conmemoración”....

Adición dun novo apartado bis)

“Bis) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Fomento á presentación, no menor tempo posible, dun calendario de realización de todos os pasos soterrados que son necesarios en todo o Camiño de Santiago para garantir a seguridade dos peregrinos.”


Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 17:06
Nº Rexistro: 7496
Data envío: 03/04/2017 17:06:22.393



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María de la Concepción Burgo López na data 03/04/2017 17:05:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2017 17:05:30



(0007506) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Ánxeles Cuña Bóveda** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular núm. 6345 (10/PNP 000554)**, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de conmemoración do 30º aniversario da declaración pola Unión Europea do Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo no que se recollan actuacións de recoñecemento dos demais itinerarios europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 4 e 5 de abril de 2017.

Emenda de substitución

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un programa laico de conmemoración do 30 aniversario da Declaración de Santiago de Compostela como primeiro itinerario Cultural Europeo , que conte coa participación do mundo da cultura do país e unha comisión de control do mesmo, ao tempo que recolla accións de recoñecemento dos demais itinerarios culturais europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017.

Asdo.: **Ánxeles Cuña Bóveda**

Deputada do G.P. de En Marea.



Luis Villares Naveira,
Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 17:36
Nº Registro: 7506
Data envío: 03/04/2017 17:36:42.541

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/04/2017 17:35:50

Luis Villares Naveira na data 03/04/2017 17:35:59



4.7 10/PNP-000572 (0006483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Sobre o impulso polo Goberno galego dun plan integral de actuacións para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela



(0006483) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:35
Nº Rexistro: 6483
Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Chapela, no concello de Redondela, viuse afectada ao longo de décadas por diversas infraestruturas de comunicación que causaron un forte impacto no territorio e na calidade de vida das persoas: ferrocarril, autoestrada AP9, ferrocarril, estradas, etc.

Actualmente, esta situación viuse agravada polas obras de ampliación da capacidade da AP9 e da Ponte de Rande, que están a causar graves perxucios na súa contorna, na que se localizan, ademais dun grande número de vivendas, a igrexa e cemiterio parroquial, un centro de saúde e dous centros educativos (o colexio da Igrexa e o Instituto de Chapela). A proximidade das obras de ampliación e da propia autoestrada aos centros escolares está afectando gravemente ao desenvolvemento normal da actividade lectiva. E toda a contorna próxima á autoestrada soporta niveis de ruído que superan os máximos permitidos na lexislación.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:35
Nº Rexistro: 6483
 Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

No caso do colexio da Igrexa, a afectación das obras de ampliación da autoestrada é de tal magnitude que obrigou á sinatura dun convenio para a construción dun novo centro educativo nas proximidades. Mais a realidade é que o proxecto desta nova construción avanza a un ritmo moi lento, o que supón incerteza e preocupación para a comunidade educativa. E mentres non se constrúa este novo centro escolar, a actividade lectiva vaise ver fortemente afectada polas obras e pola proximidade dunha vía de alta capacidade e tráfico moi intenso. Esta situación vese agravada polas deficientes condicións de accesibilidade e seguranza viaria que presentan os accesos peonís ao colexio.

Outro dos efectos negativos das obras é á intención de derrubar o edificio onde actualmente ten a sede a oficina de correos, e que tamén fai función de local social para numerosos colectivos da parroquia. Antes de derrubar o edificio habería que procurar unha alternativa para o servizo de correos e para os colectivos veciñais.

Nestes momentos o núcleo central da parroquia semella un campo de batalla, con frontes de obra por todas partes. O desenvolvemento dos traballos están a causar fortes molestias debido ao uso de maquinaria pesada para a excavación e explanación dos terreos, o continuo tránsito de camións, afectación ás vivendas polas vibracións, ruídos, etc. E a propia estrada actúa como unha barreira que divide en dous o núcleo urbano e dificulta gravemente a mobilidade peonil, a permeabilidade e a accesibilidade. Ademais, o feito de que o treito da AP9 entre Redondela e Vigo se manteña con peaxe ten como consecuencia unha elevada intensidade de tráfico nesta estrada, o que incide moi negativamente na calidade de vida das persoas que viven na súa contorna.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:35
Nº Rexistro: 6483
 Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Parece por tanto lóxico que se a parroquia se ve gravemente perxudicada polo trazado e ampliación da autoestrada, teña como contraprestación a mellora da calidade urbana da rede viaria, a transformación desta estrada nunha rúa urbanizada, a mellora da accesibilidade e da seguranza viaria, a ampliación dos espazos públicos e a construción de novos equipamentos sociais e educativos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a impulsar un plan de actuación integral para a mellora da calidade de vida e a minimización do impacto das infraestruturas na parroquia de Chapela, coas seguintes actuacións

1. Demandar do goberno do Estado a supresión da peaxe da AP 9 no treito entre Rande e Vigo, para que teña funcionalidade de circunvalación dunha zona urbana densamente poboada como é a de Chapela e Teis.

2. Demandar do goberno do Estado a transformación da estrada N 552 nunha rúa urbanizada, primando nela a seguranza viaria, a accesibilidade, a mobilidade e permeabilidade peonil.

3. Solicitar ao goberno do Estado o mantemento do servizo de correos na ubicación actual mentres non sexa posíbel o seu traslado a outro local na parroquia.

4. Esixir á concesionaria da autoestrada e responsábel das obras de ampliación a instalación no presente ano 2017 de sistemas de protección anti-



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:35
Nº Rexistro: 6483
Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766

ruído na zona de Chapela e Teis, así como a utilización de pavimentos que reduzan o impacto acústico na contorna.

5. Axilizar os trámites para a recualificación dos terreos destinados ao novo centro escolar da Igrexa, para que a construción do mesmo se poida iniciar no presente ano 2017.

6. Aprobar a construción dunha escola infantil nos terreos do lugar de Cidadelle onde está prevista a construción do novo colexio da Igrexa.”

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 10:35
Nº Rexistro: 6483
Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 10:34:59

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 10:35:05

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 10:35:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 10:35:13

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 10:35:17

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 10:35:19

(0007502) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impulso polo Goberno galego dun plan integral de actuacións para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela (10/PNP-000572, doc. núm. 6483)

Emenda de adición:

Débese engadir o seguinte punto (inmediatamente despois do punto 2) na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“2 bis. Instar ao Goberno de España a xestionar a expropiación de dúas vivendas, unha en Chapela no barrio de Cornide, e outra en Rande no barrio de Cabanas, dado que ditas propiedades quedarán no límite da liña de afección e verán reducida drasticamente a calidade de vida dos seus propietarios.”

Emenda de adición:

Débese engadir os seguintes puntos (inmediatamente despois do punto 4) na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados cos seguintes contidos:

“4 bis. Esixir á empresa concesionaria a realización das melloras necesarias para garantir un futuro acceso a parroquia de Trasmañó, coas condicións de seguridade viaria e comodidade adecuadas. Construindo unha nova ponte que una a estrada N-552 e a parroquia de Trasmañó sobre a estrada AP-9, e a humanización da intersección existente entre esta ponte e a N-552.”



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

“4 ter. Construción dunha rampa de acceso para persoas con discapacidade e carros de nenos/as na pasarela que comunica o Barrio do Mouriño coa parte traseira do pavillón de deportes de Chapela.”

“4 quater. Esixir á empresa concesionaria a solución inmediata aos problemas nas rotondas de acceso aos lugares de O Torreiro e Riofrío, coas condicións de seguridade viaria e comodidade adecuadas.”

“4 quinquies. Esixir á empresa concesionaria a mellora inmediata das medidas de seguridade, en termos de sinalética e de información lumínica, do tramo da AP-9 afectado polas obras.”

“4 sexies. Esixir á empresa concesionaria as melloras necesarias para a recuperación e a posta en valor do patrimonio histórico afectado polas obras, tanto de carácter arquitectónico (Ruínas do castelo de Rande), como industrial (Peiraos de carga de minerais en Rande).”

Emenda de adición:

Débese engadir o seguinte punto (inmediatamente despois do punto 5) na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“5 bis. A apertura deste novo colexio, e o traslado dos nenos/as, sexa simultáneo á posta en marcha da ampliación dun novo carril na AP-9 no tramo (Rande – bifurcación Vigo Centro – Puxeiros).”

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 17:15
Nº Rexistro: 7502
Data envío: 03/04/2017 17:15:50.369



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/04/2017 16:55:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2017 16:55:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia



4.8 10/PNP-000590 (0006702)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento dos investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico (Renfe-Feve) en Galicia nas mellores condicións posibles, así como a transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia



(0006702) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:21
Nº Rexistro: 6702
Data envío: 15/03/2017 13:21:41.110

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a transferencia a Galiza das competencias de ancho métrico (RENFE-FEVE).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois das últimas informacións a respecto da cancelación de inversión de máis de 12,5 millóns de euros para este ano 2017 para o mantemento na vía e nas estacións da liña de ancho métrico, RENFE-FEVE, así como á cancelación da maior parte dos servizos da liña Ferrol - Ribadeo, só nos queda afirmar que asistimos ao derradeiro paso do que supón o desmantelamento do ferrocarril da vía estreita no territorio galego por parte do goberno do Estado.

Xa vimos coñecendo nos últimos anos como desde o propio Ministerio de Fomento están a vincularse as axudas de mantemento do servizo cos niveis de ocupación e/ou rendibilidade das liñas, constituíndo este método en si mesmo unha fraude total, posto que a supresión de revisores imposibilita avaliar correctamente a ocupación dos servizos, chegando incluso *de facto* a nin tan sequera realizar o cobro por parte da empresa ou ter coñecemento de cales son as liñas máis empregadas.

Así é que no último ano -2016- leváronse a cabo preto de 600 supresións de servizos en Galiza, así coma retrasos continuados, vías e infraestruturas en mal estado – estacións, apeadeiros, varandas ou pasos-, e iso sen contar coa calidade do material



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:21
Nº Rexistro: 6702
 Data envío: 15/03/2017 13:21:41.110



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

rodante que circula no territorio galego. Como consecuencia, sabemos que os datos de ocupación que se poidan tirar de calquera estudio elaborado ou encargado desde o Ministerio de Fomento e/ou a Xunta de Galiza non poden ser bos, en boa medida pola errática ou inexistente política comercial e de horarios e servizos que non responden ás necesidades de mobilidade, para alén do antes exposto. Tanto é así que estamos a ser testemuñas de cousas tan absurdas como colocar nas estacións un número de teléfono de contacto, con sede en Asturias, ao que chamar para solicitar transporte alternativo, no caso de que o tren se retrasase en máis de 15 minutos .

Unha fotografía que se repite se falamos do transporte de mercadorías, onde no pasado ano 2016 sufriu recortes nos servizos que levou na práctica á súa desaparición. Así pois, compañías como Alcoa na súa planta de San Cibrao, onde diariamente unhas 350 toneladas de placa de aluminio saen cara a Amorebieta; ou o mesmo o transporte de madeira, que chegou a mover 36.000 toneladas ao ano, son as grandes perxudicadas levando a facer o transporte por estrada, con todo o que iso supón.

Non entendemos como, xustamente neste momento coa situación socioeconómica que estamos a vivir no noso país, se pretende prescindir dun servizo ferroviario que pode ser fundamental para a vertebración do territorio, ademais de dinamizador e atractivo para as zonas rurais. Constitúe en si mesmo un medio de transporte público accesíbel para todas as persoas -economicamente falando- e dos máis respectuosos para o medio ambiente e polo que desde o Estado non parece estar interesado en manter e promocionar.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:21
Nº Registro: 6702
Data envío: 15/03/2017 13:21:41.110

1. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para lle solicitar os investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico (RENFE-FEVE) polo territorio galego nas mellores condicións posíbeis. Para o que é preciso melloras do material rodante, arranxos en estacións, apeadeiras e trazados, vías..., así como aumento de persoal.

2. Dirixirse ao Goberno do Estado para reclamar a transferencia a Galiza do servizo ferroviario de ancho métrico (RENFE-FEVE), e así poder levar a cabo a súa promoción, coordinación e integración na rede galega de transporte ferroviario de proximidade.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:21
Nº Rexistro: 6702
Data envío: 15/03/2017 13:21:41.110

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2017 13:20:57

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2017 13:21:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2017 13:21:05

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2017 13:21:08

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2017 13:21:10

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2017 13:21:13

(0007501) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Raúl Fernández Fernández**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento dos investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico (Renfe-Feve) en Galicia nas mellores condicións posibles, así como a transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia (10/PNP-000590, doc. núm. 6702)

Emenda de modificación

Débese modificar o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2. Dirixirse ao Goberno do Estado para establecer unha negociación encamiñada a transferencia a Galicia do servizo ferroviario de ancho métrico (Renfe-Feve), e así poder constituír unha rede galega de servizo ferroviario de proximidade.”

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2017

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 03/04/2017 16:54:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/04/2017 16:54:51



(0007512) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2017 17:59
Nº Rexistro: 7512
 Data envío: 03/04/2017 17:59:46.559

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 6702(10/PNP-000590), Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento dos investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico(Renfe-Feve) en Galicia nas mellores condicións posibles, así como a transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia.

Emenda de Substitución.

Débese substituír parte resolutiva o texto do punto número 2 polo que segue a continuación:

2.- *“Dirixirse a Renfe Operadora solicitándolle que tome as medidas oportunas para evitar que no futuro volvan suprimirse servizos ou rexistrarse incidencias evitables e que traballe na mellora da operatividade da liña Ferrol-Ribadeo”.*

Santiago de Compostela, 03 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/04/2017 17:56:32

Daniel Vega Pérez na data 03/04/2017 17:56:47

